

### **CIRCULAR 13/2017 Modificada a 23/02/2017**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE INVERNO DE LANZAMENTOS LONGOS**

**Centro Galego de Tecnificación (Pontevedra), 25 de febreiro do 2017**

**Art.1)** A Delegación da F.G.A en Pontevedra organizará o **Campionato de Galicia Absoluto de Inverno de Lanzamentos Longos**, que terá lugar no Centro Galego de Tecnificación o vindeiro sábado **día 25 de febreiro** do 2017.

**Art.2)** Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2016/17) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia*

**Art.3)** Poderán participar en cada especialidade os atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas absolutas, conseguidas durante a tempada 2015/16 ou 2016/17.

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 21 de febreiro do 2017.**

**Art.5)** Os atletas deberán retirar o seu dorsal ata 60 minutos antes do inicio da proba. A entrada à pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso à mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso à pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada à pista de atletas posteriormente sempre é cando non iniciara à proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

**Art.6)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

**Art.7)** Pasarán á mellora os 8 mellores marcas.

**Art.8)** Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma poderá ser será



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

### **Art.9) HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS**

Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

**Art.10) HORARIO (definitivo).** Publicarase o horario definitivo o mércores anterior à competición en función dos atletas inscritos.

09:45- Martelo mulleres  
11.15- Disco mulleres  
12:00- Xavalina mulleres  
13.00 h- Martelo homes  
17.15h- Disco Homes  
18.45h- Xavalina Homes

**Art.11)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito (direcciontecnica@fgatletismo.com), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.13)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2016/2017), R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 25 de xaneiro de 2017



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Página Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA

